# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# ÁREA DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA

## 2º,4º E 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

**C.E.I.P PLURILINGÜE VÍCTOR LÓPEZ SEOANE**

**CURSO 2022/2023**

**María Josefa Tuset García**

**INDICE**


1. **Lexislación**
2. **Introdución. Contextualización do Centro.**
3. **Obxectivos xerais de Educación Primaria.**
4. **Contribución da área ao desenvolvemento das competencias básicas.**
5. **Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que no se impartiron no curso 2019/2020.**
6. **Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de secuenciación de cada un. Competencias clave. Elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.**
    a. **Programación Didáctica de Educación Primaria.**

7. **Criterios metodolóxicos e estratexias didácticas xerais para utilizar na área.**
8. **Medidas de atención á diversidade e inclusión.**
9. **Procedemento para a Avaliación Inicial.**
10. **Procedemento de Avaliación Continua.**
11. **Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**
12. **Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.**

## 1.LEGISLACION.

A lexislación que se empregará como referente para a realización desta programación será:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Proxectos, decretos e ordes que desenvolvan a LOMCE.
- Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establecen o Currículo Básico da Educación Primaria.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do Ministerio de Educación, de 21 de xaneiro de 2015 pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.

- Resolución do 11 de febreiro do 2015, polo que se publica o currículo da ensinanza da Relixión Católica da Educación Primaria e Secundaria.
- Os estándares de aprendizaxe e clasificación do Secretariado da Comisión Episcopal da Ensinanza, que aínda que non están publicados no CRCP de 2015, o seu obxectivo é: "ofrecer un ficheiro de referencia na que se clasifican por rango os diferentes estándares de cada curso intentando delimitar os logros da aprendizaxe".

## 2. INTRODUCCIÓN. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO.

A programación didáctica que presento é a adaptación do currículo oficial aprobado pola Comisión de Ensino e Catequese e propón, cun carácter estable, un plan de actuación operativo para un grupo de alumnos concreto (2º, 4º e 6º de Educación Primaria do CEIP plurilingüe Víctor López Seoane situado na cidade de A Coruña, no barrio de Monte Alto, Vía Ártabra s/n.) e para un tempo determinado, o curso escolar 2022-2023.

A ensinanza da relixión católica nos centros escolares axudará aos estudantes a adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida e ampliar os espazos

da racionalidade. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948 recoñece a liberdade relixiosa das persoas e dos pobos. Pola súa parte, a Constitución Española non só recoñece a liberdade relixiosa, senón que tamén garante “o dereito que asiste os pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións” no artigo 27.3. Un dereito que tamén forma parte de tratados internacionais recoñecidos por España, como o Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais no seu artigo 13.3 e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, no artigo 14.3, entre outros.

A Igrexa, como se recolle no número 2 da *Gravissimun Educationis*, realizou continuos esforzos para favorecer que a formación relixiosa se imparta no ámbito escolar, como contribución decisiva á formación integral da persoa. Por ese motivo, a Santa Sede subscribiu un Acordo Internacional co Estado Español sobre Ensinanza e Asuntos Sociais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, onde se lle outorga a competencia para elaborar o currículo da materia de Relixión e Moral Católica á xerarquía eclesiástica (art. 6). Polo que, a relixión católica pretende contribuír á educación integral do estudante en dúas direccións. Por unha banda, responde á dimensión relixiosa de todo ser humano e, pola outra, introdúceo na realidade á luz dunha hipótese ofrecida por unha historia e unha tradición.

Das claves pedagóxicas desta programación quero destacar:

- Unha formación integral, na cal o alumnado comprenda a importancia do coidado da creación, dos demais e de si mesmos.
- Diferentes actividades para traballar as intelixencias múltiples.
- As aprendizaxes significativas na área de relixión articúlanse xunto ás doutras materias para dotar os alumnos de coñecementos “útiles” na súa vida cotiá, usando metodoloxías que promoven o desenvolvemento das competencias básicas.
- Deseñarei itinerarios personalizados que se adapten con flexibilidade aos diferentes ritmos de aprendizaxe e ás circunstancias do grupo, mediante estratexias de aprendizaxe cooperativa e o uso de ferramentas TIC .

## 3. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

O finalizar a educación primaria pretendese que o alumnado desenvolva os seguintes obxectivos:

J. Coñecer, apreciar e respectar o patrimonio cultural - relixioso como expresión da fe católica. (Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística).

K. Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos, especialmente na liturxia da Igrexa. (Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística).

L. Coñecer a Biblia e identificar o sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus. (Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística, Aprender a aprender).

M. Comprender a relación intrínseca entre os valores básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai. (Competencia humanizadora, Competencia social e cívica, Aprender a aprender).

N. Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesús. (Competencia de sentido transcendente, Competencia humanizadora).

O. Descubrir en Xesús o fundamento para un estilo de vida cristián. (Competencia humanizadora, Competencia social e cívica, Competencia de sentido transcendente).

P. Identificar a Igrexa nas súas manifestacións e o servizo eclesial prestado polos apóstolos e polos seus sucesores. (Competencia social e cívica, Competencia de sentido transcendente, Competencia humanizadora).

Q. Recoñecer os valores cristiáns xa presentes nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da Salvación.(Competencia ético-moral, Competencia humanizadora).

R. Valorar a relación entre a fe e o comportamento cristián, coñecendo as raíces e o sentido da acción e do compromiso cristián. (Competencia humanizadora, Competencia ético - moral, Competencia sentido transcendente).

S. Descubrir a relación entre o destino eterno do home e a realidade temporal na que está a vivir, apreciando a vitoria de Cristo sobre a morte. (Competencia de sentido transcendente, Aprender a aprender).

## 4. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Na área de Relixión Católica incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez, apoia e dá sentido ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia. Esta área posibilítanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

- Comunicación lingüística

Para un bo desenvolvemento desta competencia nesta área, a utilización dos diversos modos de comunicación será fundamental xa que o diálogo da fe coa cultura esixe adestrarse na escoita da Palabra de Deus, a exposición de cada un dos contidos coas súas argumentacións adecuadas ás diferentes idades do alumnado. Por iso, será decisivo dotar os alumnos de ferramentas co fin de que cheguen a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

Os descritores que utilizaremos serán:

• Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...

• Comprender o sentido dos textos escritos.

• Gozar coa lectura.

• Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.

• Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.

• Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,…

• Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.

• Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

- Competencia dixital

Nesta área posibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Na área de Relixión Católica adestraremos os seguintes descritores:

• Empregar distintas fontes para a busca de información.

• Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.

• Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

• Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.

• Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

• Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

- Conciencia e expresións culturais

Esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida... O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

• Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural no ámbito mundial.

• Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

• Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.

• Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.

• Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

- Competencias sociais e cívicas

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos o alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación como piares para a súa formación. Estes valores para fomentar teñen o seu fundamento e referencias cristiás na filiación no amor a Deus.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciamos a continuación:

• Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.

• Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.

• Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.

• Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

• Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

• Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

• Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

• Involucrarse ou promover accións cun fin social.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autocoñecemento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Será dotado de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendemento do alumno.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

• Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

• Ser constante no traballo superando as dificultades.

• Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.

• Contaxiar entusiasmo pola tarefa e a confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.

• Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.

• Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

• Atopar posibilidades no contorno que outros non ven.

• Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

- Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensinanza-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario propoñendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

• Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...

• Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.

• Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

• Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente…

• Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

• Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.

• Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

• Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

- Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

• Dimensión cultural e histórica. Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades recibe do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.

• Dimensión ético-moral. Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.

• Dimensión humanizadora. Faculta o alumno para dar resposta ás súas interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.

• Dimensión epistemolóxica. Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e cunha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

## 5. ANALISE E VALORACION DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES QUE IMPARTIRON E DAS QUE NO SE IMPARTIRON NO CURSO 2021/2022.

Nos primeiros días/semanas de clase farase unha avaliación inicial dos distintos grupos para comprobar o nivel do alumnado partindo das actas finais e dos informes de avaliación do curso anterior. Tamén se realizarán probas para avaliar o estado dos coñecementos, as dificultades e as necesidades de atención educativa e a situación emocional do alumnado para tomar as decisións de actuación.
Os instrumentos de avaliación serán fundamentalmente listaxes de control e listas de verificación e a análise das actividades desenvolvidas nos primeiros días.
Recollidos os datos da avaliación determinarase as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior e os estándares que requiran un tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado deste curso.

## 6. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MINIMO DE SECUENCIACIÓN DA CADA UN. ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

*PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

| RELIXIÓN 2º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º AVALIACIÓN | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| **Bloque 1. O sentido relixioso do home** | | | | | | |
| A<br>C<br>D | B1.Os bos amigos escóitanse, axúdanse e divírtense xuntos.<br>B1.Situación de acollida a un acabado de chegar a clase.<br>B1.Deus, pai da humanidade, quere a nosa felicidade. | B1.Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.<br>B1.Recoñecer a incapacidade da persoa para alcanzar en por ela a felicidade.<br>B1. Apreciar a bondade de Deus Padre que creou o home con este desexo de felicidade.<br>B1.Identificar boas maneiras de acoller novo compañeiro/a.<br>B1.Sinalar e valorar as accións correctas dos bos amigos.<br>B1.Participar activamente nas conversas e actividades de grupo.<br>B1.Amosarse acolledor cara aos que acaban de chegar. | RCB1.Toma conciencia e expresa Os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu contorno.<br>RCB1.Descubre e nomea situacións nas que necesita as persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.<br>RCB1.Valora e agradece que Deus o crease para ser feliz.<br>RCB1.Identifica e representa graficamente os dons que Deus lle fai ao home na creación.<br>RCB1.Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a | -Extrae a idea principal.<br>-Elabora un resumo.<br>-Intervén axeitadamente nas conversas.<br>-Escoita a opinión dos demais | CCL<br>CSC<br>CCEC<br>CAA<br>CSIEE | Comprensión e expresión, oral e escrita.<br>Valores |

| RELIXIÓN 2º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º AVALIACIÓN | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| | | | gratitude a Deus pola súa amizade. | | | |
| **Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia** | | | | | | |
| A<br>C<br>D<br>F | B2.A Biblia narra o que Deus fixo na historia.<br>B2.Deus actúa na historia. A amizade de Deus cos Patriarcas<br>B2.Os patriarcas Noé e Moisés, exemplos de confianza en Deus.<br>B2.Os cristiáns son felices amando a Deus e os demais.<br>B2.A Biblia. Estrutura da Biblia.<br>B2.A confianza. | B2.Identificar a acción de Deus na historia en relatos bíblicos.<br>B2.Coñecer e valorar na vida dos Patriarcas os trazos de Deus Pai.<br>B2.Identificar as actitudes de confianza e valoralas como crecemento persoal.<br>B2.Explicar os relatos bíblicos de Noé e Moisés utilizando o vocabulario aprendido na unidade<br>B2.Recoñecer e apreciar que Deus busca sempre a salvación do home.<br>B2. Valorar o exemplo de confianza en Deus dos personaxes de Noé e Moisés.<br>B2.Amosar unha actitude de amor e entrega aos demais no momento de ensinar algún coñecemento adquirido.<br>B2.Divertirse en xogos e reflexionar con sinceridade sobre a súa actitude neles. | RCB2.Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.<br>RCB2.Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.<br>RCB2.Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.<br>RCB2.Dramatiza momentos da vida dos Patriarcas onde se expresa protección, o coidado e o acompañamento de Deus.<br>RCB2.Escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda o pobo de Israel. | -Interpreta información.<br>-Elabora un resumo.<br>-Elabora exposicións orais.<br>-Intervén axeitadamente nas conversas. | CCL<br>CSC<br>CAA<br>CSIEE | Comprensión e expresión, oral e escrita.<br>Valores |
| **Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación** | | | | | | |
| A<br>B<br>C<br>F<br>H | B3.O Advento, espera do cumprimento da promesa de salvación.<br>B3.As celebracións do Nadal<br>B3.O Nadal: nacemento do Salvador. | B3.Aprender o significado do tempo de Advento.<br>B3.Identificar o significado profundo do Nadal: presenza do amor de Deus polas persoas. | RCB3.Identifica os signos de Advento como tempo de espera.<br>RCB3.Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida. | -Selecciona Información relevante.<br>-Intervén axeitadamente nas conversas. | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CCEC | Comprensión e expresión, oral e escrita.<br>Valores |

| RELIXIÓN 2º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º AVALIACIÓN | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| | B3.A mensaxe do Nadal. B3.Sentido da coroa de Advento. B3.Actitudes e actividades dos cristiáns no Nadal. B3.Elementos simbólicos: a estrela do Nadal. B3. ARTE: unha panxoliña. | B3.Explicar de forma ordenada e coherente o relato do nacemento de Xesús e a adoración dos Magos. B3.Describir e respectar prácticas relixiosas relacionadas co Nadal e o seu sentido utilizando o vocabulario relixioso aprendido. B3.Apreciar a mensaxe do Nadal como a presenza do amor de Deus ás persoas. B3.Recoñecer a raíz celebrativa da festa cristiá e valorar a súa preparación. B3.Saber situar algúns símbolos relixiosos nas festas do seu contorno. | RCB3.Coñece o relato do nacemento de Xesús e descubre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal. | -Participa en Dramatización. -Valora e goza no Nadal. | CAA CSIEE | |

| RELIXIÓN 2º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2º AVALIACIÓN | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| **Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia** | | | | | | |

| RELIXIÓN 2º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2º AVALIACIÓN | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| A<br>C<br>D<br>F | B2.Deus proponlle ao home un camiño de encontro con él.<br>B2.Relatos bíblicos: A tempestade calmada.<br>B2.A confianza nos seres queridos e en Deus.<br>B2.Xesús ensina a confiar en Deus Pai.<br>B2. O Noso pai Pintura de Xesús e os apóstolos.<br>B2.ARTE: Unha pintura de Xesús calmando atormenta. | B2.Recoñecer e apreciar que Deus busca sempre a salvación do home.<br>B2.Describir prácticas relixiosas: a oración e o compromiso.<br>B2.Distinguir personaxes bíblicos significativos como a persoa de Xesús como digno de imitación.<br>B2.Sacar conclusións da ensinanza de Xesucristo.<br>B2.Reproducir o relato da tempestade calmada e relacionalo coa ensinanza de Xesús.<br>B2.Comprender que Cristo amosa o seu amor presentándose como camiño para chegar a Deus.<br>B2.Amosar unha actitude caritativa cara ás persoas que sofren.<br>B2.Describir os elementos que aparecen nunha pintura sobre Xesús e identificar o tema central da obra. | RCB2.Coñece, memoriza e reconstrúe relatos evanxélicos sobre o interese de Deus polo ben dos homes.<br>RCB2.Selecciona e representa distintas escenas evanxélicas sobre a acción de Deus a través de Xesús. | -Extrae a idea principal.<br>-Interpreta informació n relevante.<br>-Elabora exposicións orais.<br>-Escoita a opinión dos demais. | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CAA<br>CSIEE | Comprensión e expresión, oral e escrita.<br>Valores |
| **Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa** | | | | | | |
| A<br>C<br>F<br>G | B4.A cruz, símbolo dos cristiáns. | B4.Sacar conclusións dalgunhas parábolas básicas no ensino de Xesucristo. | RCB4.Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo. | -Extrae a idea principal.<br>-Elabora exposicións orais. | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CAA | Comprensión e expresión, oral e escrita.<br>Valores |

| RELIXIÓN 2º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2º AVALIACIÓN | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| I | B4.Resolución de conflitos.<br>B4.Asimilación da cruz como símbolo dos cristiáns e cristiás.<br>B4.SIMBOLOXÍA: a auga e o aceite no Bautismo.<br>B4.O Bautismo: incorporación á Igrexa.<br>B4.SIMBOLOXÍA do Bautismo: auga, aceite e luz. | B4.Recoñecer o Bautismo como medio para formar parte da Igrexa. B4.Observar e comprender os signos presentes na liturxia bautismal.<br>B4.Explicar o significado de Símbolos cristiáns.<br>B4.Saber situar algún símbolos relixiosos do seu contorno.<br>B4.Amosar unha actitude cristiá baseada no amor. | RCB4.Identifica os pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús.<br>RCB4.Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo ou aceite co seu significado sacramental. | -Escoita a opinión Dos demais. | CSIEE | |
| **Bloque 1. O sentido relixioso do home** | | | | | | |
| A<br>C<br>D | B1. Ordenación de relatos bíblicos.<br>B1.A equivocación e o perdón.<br>• Deus, pai da humanidade, quere a nosa felicidade: perdóanos e ensínanos a perdoar.<br>• Desenvolvemento da empatía e expression de sentimentos | -Reproducir o relato do Pai Bo e o fillo estragador e relacionalo coa ensinanza de Xesús.<br>-Sacar conclusións dalgunhas parábolas básicas na ensinanza de Xesucristo.<br>-Comprender que Cristo é o camiño para chegar a Deus.<br>-Saber aplicar os mandamentos da lei de Deus á vida cotiá.<br>-Participar activamente nas actividades de grupo.<br>-Amosarse aberto a darse conta | * Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o fan feliz a él e ás persoas do seu contorno: perdoar e ser perdoado.<br>* Descubre e nomea situación nas que necesita as persoas e sobre todo a Deus, para vivir:situacións en que, tras unha equivocación,é Necesario perdoar. | -Extrae a idea principal.<br>-Elabora exposicións orais.<br>-Escoita a opinión Dos demais. | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CAA<br>CSIEE | Comprensión e expresión, oral e escrita.<br>Valores |

| RELIXIÓN 2º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2º AVALIACIÓN | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| | | das súas equivocacións e as dos demais; a pedir perdón e a perdoar. | | | | |
| **Bloque 2. A revelación. Deus intervén na historia** | | | | | | |
| A<br>C<br>D<br>F | B2.Deus proponlle ao home un camiño de encontro con él.<br>B2.Importancia das celebracións de Semana Santa.<br>B2.Feitos dos últimos días de Xesús e Pascua(paixón, morte e resurrección de Xesús).<br>B2.Sentido e celebracións de Semana Santa.<br>B2.O mandamento do amor.<br>•B2.ARTE: Unha pintura de Xesús entrando en Xerusalén.<br>B2.Pintura de Xesús e dos apóstolos. | B2.Comprender que Cristo morre e nos amosa o seu amor como camiño para chegar a Deus.<br>B2.Explicar en que consiste o mandamento do amor e describilo nos modelos de vida.<br>B2.Describir e respectar as distintas prácticas relixiosas e o seu sentido ao culto e ao compromiso.<br>B2.Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia: paixón, norte e resurrección de Xesús.<br>B2.Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia: paixón, norte e resurrección de Xesús.<br>B2.Explicar o por que da celebración da Semana Santa e a raíz celebrativa da festa cristiá.<br>B2.Situar e nomear símbolos relixiosos na festa cristiá. | RCB2.Coñece e explica coas súas palabras a Semana Santa.<br>RCB2.Selecciona e representa distintas escenas da Pascua.<br>RCB2.Identifica os signos da Semana Santa. | -Interpreta información relevante.<br>-Accede a información en diferentes soportes.<br>-Escoita a opinión dos demais.<br>-Valora e participa na Semana Santa. | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CAA<br>CD<br>CCIMF | Comprensión e expresión, oral e escrita.<br>Valores |

| RELIXIÓN 2º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2º AVALIACIÓN | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| | | B2.Comprometerse en amosar unha actitude alegre na súa relación cos demais. B2.Describir os elementos que aparecen nunha pintura sobre Xesús e identificar o tema. | | | | |

| RELIXIÓN 2º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 3º AVALIACIÓN | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| **Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: algrexa** | | | | | | |
| A<br>C<br>F<br>G<br>I | B4.O Espírito transforma e dá fortaleza.<br>B4.O Espírito Santo transforma ás persoas para amar como Xesús ensinou.<br>B4.Os amigos de Xesús forman a Igrexa.<br>•B4.A unidade eclesial: fillos dun mesmo Pai.<br>B4.Partes da celebración da Misa. | B4.Completar frases inacabadas sobre Espírito Santo e a Igrexa.<br>B4.Recoñecer a Igrexa como a familia dos amigos de Xesús.<br>B4.Tomar conciencia de que o Pai xera a unidade da Igrexa.<br>B4.Coñecer o ano litúrxico e os seus tempos.<br>B4.Comprender que Deus envía o Espírito Santo para lles dar fortaleza aos cristiáns. | RCB4.Relaciona a unidade da Igrexa coa unidade dos órganos do seu propio corpo.<br>RCB4.Constrúe un calendario onde sitúa os diferentes tempos litúrxicos. | -Interpreta información.<br>-Elabora un resumo.<br>-Intervén axeitadamente nas conversas.<br>-Asocia ilustracións e contido dun texto. | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CAA<br>CSIEE | Comprensión e expresión, oral e escrita.<br>Valores |

| RELIXIÓN 2º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 3º AVALIACIÓN | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| | B4.Xesucristo santifica o tempo: o ano litúrxico.<br>B4.SIMBOLOXÍA: o lume, o vento e a pomba representan o Espírito Santo. | B4.Identificar a Eucaristía coa celebración cristiá por excelencia.<br>B4.Identificar os símbolos do Espírito Santo en obras de arte.<br>B4.Ser capaces de actuar con confianza. | | | | |
| **Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia daSalvación** | | | | | | |
| A<br>B<br>C<br>F<br>H | B3.Deus elixe a María para que o seu fillo se faga home.<br>B3.Ordenación cronolóxica de escenas da vida de Xesús xunto a María.<br>B3.Os principais momentos da vida de María en compañía de Xesús.<br>B3.Os cristiáns recoñecen a María como nai de Xesús.<br>B3.A oración do Rosario.<br>B3.Calidades de María.<br>B3.Os cristiáns pídenlle a María que os axude, acompañe e console: A Avemaría.<br>B3.ARTE: Unha pintura de María. | B3.Explicar quen foi María, coñecer algúns dos principais feitos da súa vida e coñecer e valorar a resposta que lle deu a Deus.<br>B3.Relacionar as distintas advocacións marianas coa figura histórica da nai de Xesús.<br>B3.Recoñecer a Avemaría como unha oración que os cristiáns dirixen a María.<br>B3.Identificar accións portadoras de consolo cara ao triste e levalas a cabo. | RCB3.Le e expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación.<br>RCB3.Dramatiza a misión dos personaxes que interveñen na Anunciación. | -Selecciona Información relevante.<br>-Elabora un resumo.<br>-Participa en Dramatización. | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CAA<br>CSIEE | Comprensión e expresión, oral e escrita.<br>Valores |
| **Bloque 1. O sentido relixioso do home** | | | | | | |
| A<br>C<br>D | B1Descubrimento de xestos de amor para facer felices os demais. | B1.Obter conclusións da parábola do banquete e relacionar o seu final feliz coa gran festa do ceo. | RCB1. Valora e agradece que Deus o crease para ser feliz.<br>RCB1.Le e comprende o relato bíblico do Paraíso. | -Interpreta información<br>-Elabora un resumo. | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CAA | Comprensión e expresión, oral e escrita.<br>Valores |

| RELIXIÓN 2º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **3º AVALIACIÓN** | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| | B1. Deus, pai da humanidade, quere a nosa felicidade.<br>B1. Deus crea o home para ser o seu amigo. O Paraíso como signo de amizade.<br>B1.O Reino de Deus é un mundo mellor para todos. B1. A Igrexa colabora construíndo un mundo mellor.<br>B1.A invitación de Deus á festa do ceo é para todos. B1.O Reino de Deus é a felicidade.<br>B1.Carta a Xesús. | B1.Entender o Paraíso como expresión da amizade de Deus coa humanidade.<br>B1.Recoñecer que a Igrexa traballa para facer un mundo mellor para todos.<br>B1.Ser capaces de actuar compartindo as boas ideas e atopar a maneira de solucionar conflitos.<br>B1.Participar activamente nas actividades de grupo | | -Intervén axeitadamente nas conversas.<br>-Asocia ilustracións e contido dun texto. | CSIEE<br>CMCT | |

| RELIXIÓN 4º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **1º AVALIACIÓN** | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| **Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia** | | | | | | |

| RELIXIÓN 4º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º AVALIACIÓN | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| A<br>C<br>D<br>F | B2.Diversas formas de atoparnos co noso amigo Xesús: a comunidade, as festas e a Biblia.<br>B2.A Biblia, o libro sagrado dos cristiáns, e as súas partes: o Antigo Testamento e o Novo Testamento.<br>B2.Coñecemento dos libros sagrados doutras relixións.<br>B2.O relato do pecado orixinal: o home quere substituír a Deus.<br>5. Exemplos da variedade de textos da Biblia.<br>B2.Ampliación no coñecemento da Biblia: linguas orixinais, época de escritura da Biblia,… | B2.Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.<br>B2.Respectar as intervencións dos compañeiros e manifestar unha actitude participativa nas actividades en grupo.<br>B2.Identificar as celebracións cristiás en comunidade e a lectura da Biblia como formas de encontrarse con Xesús.<br>B2.Coñecer as partes da Biblia e a súa diversidade de xéneros.<br>Dominar correctamente, e coa nomenclatura axeitada, o mecanismo de citación e busca de Textos bíblicos<br>B2.Coñecer datos xerais sobre a escritura da Biblia. | RCB2.Localiza no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con Él, e aplícaas a situación actuais.<br>RCB2.Recorda e narra acontecementos actuais nos que se rexeitou a amizade con Deus. | -Interpreta información relevante.<br>-Elabora e narra un resumo.<br>-Accede a información en diferentes soportes. | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CAA<br>CAIP<br>CD | Comprensión e expresión oral e escrita<br>Valores<br>TIC |
| **Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia** | | | | | | |
| A<br>C<br>D<br>F | B2.A confianza nos demais e a confianza en Deus. B2.Infidelidade á misión encomendada por Deus na historia de David.<br>B2.David sente na súa vida a necesidade de redención. B2.A promesa de Deusa | B2.Memorizar momentos da historia de David nos que abusa da misión encomendada por Deus.<br>B2.Descubrir e valorar a razón pola que David sente a necesidade de redención.<br>B2.Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.<br>B2.Comprender a relación entre a | RCB2.Localiza no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaas a situación actuais.<br>RCB2.Identifica e describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen á vontade de Deus. | -Interpreta información relevante.<br>-Asocia ilustracións e contido dun texto.<br>-Elabora un resumo. | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CAA<br>CAIP<br>CMCT<br>CD | Comprensión e expresión oral e escrita<br>Valores<br>TIC |

| RELIXIÓN 4º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **1º AVALIACIÓN** | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| | Abraham: un fillo(Isaac), unha terra (Canaán) e un pobo (Israel).<br>B2.Abraham, modelo de confianza e de oración.<br>B2.Recordo dunha experiencia familiar de confianza.<br>B2.Actitudes na vida de David, confianza en Deus, bondade, arrepentimento, escoita, esperanza, acción e gratitude, e conversión destas actitudes na oración. | confianza en Deus e a oración.<br>B2.Mostrar actitudes e accións concretas que favorezan a confianza entre amigos.<br>B2.Coñecer os principais datos sobre David e a súa familia. | * Compara a actitude de David con situacións persoais nas que sentiu a necesidade de ser perdoado.<br>RCB2.Recoñece e expresa artisticamente escenas da historia de David nas que Deus o perdoa<br>*Amosa respecto polas intervencións dos seus compañeiros. | -Escoita a opinión dos demais.<br>-Accede á información en diferentes soportes. | | |
| **Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia** | | | | | | |
| A<br>C<br>D<br>F | B2.Historia de Moisés e de Como se converteu no guía do pobo de Deus.<br>B2.A saída de Exipto do pobo de Israel, os Dez Mandamentos e a Alianza.<br>B2.Deus está sempre disposto ao perdón.<br>B2.Ampliación do significado do longo camiño cara á liberdade dos israelitas o que aprenderon nel.<br>B2.A escultura Moisés, de Miguel Anxo. | B2.Coñecer as características do perdón de Deus.<br>B2.Verificalas través do personaxe bíblico de Moisés.<br>B2.Relacionar o camiño do pobo de Israel polo deserto co que Deus quere na actualidade para as persoas.<br>B2.Recoñecer nos dez Mandamentos unha proposta de Deus para vivir felices.<br>B2.Saber xustificar a importancia das normas para mellorar a convivencia.<br>B2.Situar a Moisés na historiado | RCB2.Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.<br>RCB2.Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaas a situación actuais. | -Interpreta información relevante.<br>-Elabora un resumo.<br>-Escoita a opinión dos demais.<br>-Accede a información en Diferentes soportes. | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CAA<br>CAIP<br>CCIMF | Comprensión e expresión oral e escrita<br>Valores<br>TIC |

| RELIXIÓN 4º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º AVALIACIÓN | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| | B2.Situación,exposición, lectura, comprensión e aplicación dos Dez Mandamentos. | pobo de Deus. | | | | |
| **Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia** | | | | | | |
| A<br>C<br>D<br>F | B2.Deus fiel promete un Mesías: o anuncio do Mesías por parte dos profetas e por Xoán Bautista, a Anunciación a María e a visita a Isabel.<br>B2.O tempo do Advento: preparación para o Nadal.<br>B2.O nacemento de Xesús no Belén e o anuncio aos pastores.<br>B2.Tradicións populares do Nadal e o seu significado: a árbore de Nadal e a Cabalgata de Reis. | B2.Aprender e recordar historias bíblicas nas que Deus promete o Mesías.<br>B2.Manifestar confianza nos compañeiros.<br>B2.Recoñecer a mensaxe de esperanza e conversión nos relatos bíblicos protagonizados polos profetas, por Xoán Bautista e por María de Nazaré, e deducir accións coherentes coa esperanza de Advento.<br>B2.Identificar na Biblia os elementos principais do Nadal e o seu significado.<br>B2.Explicar a orixe de tradicións populares do Nadal e de obras de arte do mesmo tema. | RCB2.Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías. | -Selecciona Información relevante.<br>-Intervén axeitadamente nas conversas.<br>-Participa en Dramatización.<br>-Valora e goza no Nadal. | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CAA<br>CAIP<br>CCIMF | Comprensión e expresión oral e escrita<br>Valores<br>TIC |

| RELIXIÓN 4º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **2º AVALIACIÓN** | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| **Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: algrexa** | | | | | | |
| A<br>C<br>F<br>G<br>I | B4.A Coresma: tempo penitencial.<br>B4.Sentido e simboloxía da Coresma.<br>B4.As parábolas do Reino De Deus.<br>B4.Xesús, verdadeiro home e verdadeiro Deus.<br>B4.Pintura da artista Marta Biel Tres, sobre a parábola do sementador. | B4.Coñecer trazos da Coresma como tempo penitencial. B4Identificar as parábolas de Xesús como expresión da súa mensaxe sobre o Reino de Deus e como<br>portadoras dunha mensaxe orientada á acción.<br>B4.Valorar as actitudes e as situacións Segundo criterios evanxélicos.<br>B4.Recoñecer algúns feitos e palabras de Xesús que o mostran como verdadeiro Deus e como Verdadeiro home.<br>B4.Ser consciente da necesidade de responsabilizarse dos seus actos.-Interpretar os símbolos das obras de arte relixiosa. | RCB4.Coñece e explica as condicións de arrepentimento e penitencia para acoller o perdón de Deus. | -Interpreta información relevante.<br>-Elabora un resumo.<br>-Escoita a opinión dos demais.<br>-Accede a Información en diferentes soportes. | CCL<br>CSC<br>CAA<br>CAIP<br>CD | Comprensión e expresión oral e escrita<br>Valores<br>TIC |
| **Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación** | | | | | | |
| A<br>B<br>C<br>F<br>H | B3.Relatos bíblicos: as vodas de Caná e a curación do cego.<br>B3.Situacións de solidariedade: xestos de axuda.<br>B3.Xesús ensina coas parábolas e os milagres o<br>amor de Deus.<br>B3.A construción do Reino | B3.Participar en diálogos colectivos con sinceridade e con confianza.<br>B3.Identificar algúns feitos de Xesús (milagres) que mostran o amor de Deus polo ser humano.<br>B3.Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e polos enfermos.<br>B3.Comprender que o amor aos demais e as iniciativas solidarias | RCB3.Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e polos enfermos, nos textos evanxélicos | -Interpreta información relevante.<br>-Elabora un resumo.<br>-Escoita a opinión dos demais.<br>-Accede a información en | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CAA<br>CAIP<br>CD | Comprensión e expresión oral e escrita<br>Valores<br>TIC |

| RELIXIÓN 4º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2º AVALIACIÓN | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| | de Deus a través de actos solidarios.<br>B3.Amizade e preferencia de Xesús polos máis débiles E necesitados. | son formas de facer visible o amor de Deus e a mensaxe de Xesucristo.<br>B3.Saber interpretar os símbolos presentes nos relatos evanxélicos.<br>B3.Preguntarse pola súa posible implicación en tarefas solidarias. | | diferentes soportes. | | |
| **Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación** | | | | | | |
| A<br>B<br>C<br>F<br>H | B3. A felicidade de perdoa re de ser perdoados.<br>B3.O perdón de Deus: accións e parábolas de Xesús.<br>B3.Relato bíblico: a historia de Zaqueo.<br>B3.Escena de recoñecemento da culpa e do perdón.<br>B3.O perdón: un acto de amor | B3.Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.<br>B3.Memorizar algunhas das accións onde Xesús concede o perdón.<br>B3.Recoñecer na propia vida experiencias positivas de perdón.<br>B3.Descubrir a partir de relatos evanxélicos a mensaxe de Xesús relativa ao perdón de Deus e á conversión.<br>B3.Asimilar a necesidade de perdoar e de ser perdoado e identificar estas accións como actos de amor.<br>B3.Ser capaz de autoexaminarse para mellorar. | RCB3.Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.<br>RCB3. Visualiza, en obras de arte escenas de perdón e explícaas., | -Interpreta información relevante.<br>-Elabora un resumo.<br>-Escoita a opinión dos demais.<br>-Accede a información en diferentes soportes. | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CAA<br>CAIP<br>CD | Comprensión e expresión oral e escrita<br>Valores<br>TIC |
| **Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación** | | | | | | |
| A<br>B<br>C<br>F<br>H | B3.Xesús cumpre a vontade do Pai: paixón e morte de Xesús. Relato bíblico sobre os últimos feitos da vida de Xesús: entrada en Xerusalén, lavatorio de pés, | B3.Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte, Xesús está cumprindo a vontade do Pai.<br>B3.Recoñecer as mostras de amor.<br>B3.Situar a acción salvífica de Xesús nas | RCB3.Secuencia ordenadamente escenas de Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai. | -Interpreta información relevante.<br>-Accede a información en | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CAA<br>CAIP | Comprensión e expresión oral e escrita<br>Valores<br>TIC |

| RELIXIÓN 4º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2º AVALIACIÓN | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| | Última Cea, Morte na Cruz e Resurrección.<br>B3.O Mandamento do Amor: actitudes de amor ao próximo.<br>B3.Sentido e simboloxía da Coresma.<br>B3.Sentido das festividades e celebracións da Semana Santa.<br>B3.Pintura: A Piedade ,de Vincent van Gogh. | referencias bíblicas sobre a súa paixón, morte e resurrección. B3.Relacionar as celebracións de Coresma, Semana Santa e Pascua cos episodios evanxélicos, e comprender a súa importancia na vida da Igrexa.<br>B3.Reflexionar sobre a propia actuación cos amigos nos momentos difíciles.<br>B3.Utilizar os elementos simbólicos para describir un cadro e o seu significado. | RCB3.Distingue e explica frases do relato da oración do Horto das Oliveiras que expresan a obediencia de Xesús ao Pai. | diferentes soportes.<br>-Escoita a opinión dos demais.<br>-Valora e participa na Semana Santa. | CD | |

| RELIXIÓN 4º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 3º AVALIACIÓN | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| **Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: aIgrexa** | | | | | | |
| A<br>C<br>F<br>G<br>I | B4.Os sacramentos son signos da relación dos cristiáns con Deus.<br>B4.Que son e cales son os sacramentos de iniciación.<br>B4.Explicación sobre os sacramentos do Bautismo, a Confirmación e a Eucaristía. | B4.Identificar os sacramentos como signos do amor de Deus.<br>B4.Distinguir os sacramentos de iniciación, da curación e do servizo: cales son, signos usados, significado e celebrante. | RCB4.Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón.<br>RCB4.Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus. | -Interpreta información relevante.<br>-Elabora e comenta un resumo.<br>-Escoita a opinión dos demais. | CCL<br>CSC<br>CCA<br>CAA<br>CAIP<br>CCIMF<br>CD | Comprensión e expresión oral e escrita<br>Valores<br>TIC |

| RELIXIÓN 4º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 3º AVALIACIÓN | | | | | | |
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao m.cons.** | **CC.BB** | **Elemt. transv.** |
| | B4.Que son e cales son os sacramentos de curación. B4.Explicación sobre os sacramentos da Reconciliación e a Unción dos Enfermos. B4.Que son e cales son os sacramentos de servizo. B4.Explicación sobre o sacramento da Orde Sacerdotal e o sacramento do Matrimonio. B4.Símbolos dos sacramentos: o aceite, a auga, o pan e o viño. | B4.Explicar que a través do sacramento da Reconciliación Deus concede o perdón. B4.Aprender técnicas de relaxación e preparación antes de dar pasos importantes. B4.Relacionar, mediante a análise dun texto evanxélico e dunha obra artística, o bautismo de Xesús co sacramento cristián do Bautismo. B4.Relacionar elementos naturais co seu significado simbólico nos sacramentos. | | -Accede a información en diferentes soportes. | | |
